

Diálogos sobre o deporte (1975-2020). Declaración final
XVI Congreso Internacional da AEISAD (Asociación Española de
Investigación Social Aplicada ao Deporte)

Introdución	2
I. O contexto da práctica deportiva	3
I.1. Marco legal	3
I.2. Políticas deportivas	4
I.3. Espazos de práctica	5
II. As persoas e as súas prácticas	5
II.1. En conxunto, é preciso	5
II.2. O vello reto da perspectiva de xénero no deporte	6
II.3. A inclusión do colectivo LGTBIQ+	7
II.4. Violencia sexual	7
II.5. Colectivos específicos	8
II.6. Deporte de alto rendemento	9
III. Formación, investigación e mercado de traballo	10
III.1. Formación	10
III.2. Investigación	11
III.3. Mercado de traballo	12
IV O deporte na sociedade	13
IV.1. No ámbito económico	13
IV.2. No ámbito da tecnoloxía	13
IV.3. No ámbito das identidades nacionais	14
IV.4. O uso do tempo libre e de lecer e a pandemia	14

Introdución

O proxecto “Diálogos sobre o deporte (1975-2020)” iniciouse en 2018 coa intención de reflexionar sobre a evolución do deporte en España durante o últimos 45 anos. Foi un proxecto articulado ao redor de dúas iniciativas –un libro e un congreso, ambos co mesmo título do proxecto– grazas ás cales se puideron implicar moitas persoas e organizacións.

No libro participaron 45 persoas de distintas xeracións e que trataron o conxunto de aspectos que constitúen o sistema deportivo. As súas contribucións foron o punto de partida para o congreso –XVI Congreso Internacional da Asociación Española de Investigación Social Aplicada ao Deporte (AEISAD)– que multiplicou as achegas: 150 participantes repartidos nunha conferencia inaugural, 4 mesas redondas, 3 obradoiros e 8 sesións de comunicacións con 63 contribucións nelas.

En conxunto, apréciase que, ao longo do período analizado (iniciado nun momento de grandes incertezas e ameazas), conseguiuase que no sector deportivo sexa posible contar con case todos os dereitos e obrigas das sociedades avanzadas. Porén, hai problemas non resoltos e xurdiron situacións (a crise de 2009, o cambio climático, a pandemia, a crise mundial de persoas refuxiadas, a explotación de deportistas de alto nivel que afectan aos seus corpos e á súa saúde mental...) e novos movementos sociais e políticos (15-M, auge do feminismo...) que convulsionaron o sistema e obrigan a darlles resposta. Para quen naceu finalizada a ditadura, os logros alcanzados nestes 45 anos, a miúdo resultanlles invisibles, xa que os deron por supostos. Nalgúns casos resultanlles insuficientes, dado que son moitos os retos que aínda quedan por alcanzar, tal e como se recolleu ao longo de todo o proxecto.

“Diálogos sobre o deporte” permitiu coñecer e analizar o pasado para abordar os retos do futuro. O diálogo interxeracional favoreceu o coñecemento do proceso de cambios no sistema deportivo de 1975 á actualidade, cos seus límites e os seus logros. Este intercambio favoreceu o apoderamento das persoas participantes. Apoderarse para impulsar e xerar novos cambios, transformar aquilo que sexa necesario, abordar cuestións aínda non resoltas, e abrir a mirada ás novas e múltiples maneiras de ver e vivir o deporte e a actividade física na sociedade actual e futura. Algo que xa se fixo hai máis de 45 anos e debe renovarse.

O resultado do debate desenvolvido no marco do proxecto Diálogos expónse en forma de declaración –aprobada polas persoas asistentes na sesión de clausura do Congreso– e farase chegar a todas as institucións e ao conxunto da sociedade civil co ánimo de axudar a avanzar e a mellorar a situación do deporte en España.

A declaración artículase ao redor de catro áreas e en cada unha delas propóñense aspectos que deberían ser tidos en conta:

I. O contexto da práctica deportiva

O desenvolvemento do deporte no Estado atópase vinculado, como non podía ser doutro xeito, á fin da ditadura e ao establecemento dun sistema democrático. Foi a Constitución de 1978 a norma que determinou o desenvolvemento do deporte en España. Por unha banda, porque mandataba aos poderes públicos a obriga de “fomentaren a educación física e o deporte”; pola outra, porque descentralizaba o Estado e dáballes as máximas competencias ás comunidades autónomas e, dado que o deporte tamén pode ter un carácter de servizo público, aos concellos.

Desde os inicios, o sector público –e, en especial, os concellos– tivo un papel hexemónico na promoción, a posta en marcha de programas e a creación de instalacións deportivas para a cidadanía. Paralelamente, foise producindo un crecemento do sector asociativo tradicional –clubs e federacións– e fóronse creando cada vez máis alianzas entre ambos os sectores. Nas dúas últimas décadas o desenvolvemento do sector comercial (ximnacios, centros de *fitness*, empresas de servizos deportivos etc.) foi espectacular e absorbe moita da demanda existente. Pola súa banda, o deporte de alto nivel constituíuse nun sistema autónomo cuxa traxectoria discorre por outros condutos institucionais. E o deporte espectáculo –sinaladamente o fútbol– como parte da industria do entretemento abarca moitos ámbitos da vida social e impáctaos ata extremos insospeitados ata hai pouco tempo (*e-sports*, realidades híbridas, xogos olímpicos e campionatos do mundo...).

Non obstante, os cambios xa mencionados sacudiron os xa complexos equilibrios e sería conveniente e necesario ter en conta os seguintes puntos:

I. 1. Marco legal

- Que a nova lei do deporte recolla e cre un marco de actuación para os novos desenvolvementos do sistema deportivo e as carencias da actual norma (novas tecnoloxías, dixitalización, sustentabilidade, igualdade de xénero...).

1. 2. Políticas deportivas

- Que desde o Consello Superior de Deportes (CSD) –a pesar de ter poucas competencias na promoción do deporte– se desenvolvan accións que sensibilicen e visibilicen a práctica deportiva como actividade socializadora e de saúde para toda a cidadanía. O *Plan integral para a actividade física e o deporte* promovido por este organismo no ano 2010 –o maior esforzo de planificación deportiva feito en España, con máis dun cento de persoas expertas a traballaren en oito áreas de intervención deportiva– non debería caer no esquecemento e debería recuperarse o seu espírito.
- Que, ante as moi diversas evolucións do sistema deportivo en cada comunidade autónoma –debido ás súas particularidades económicas, sociais e culturais, o cal é unha das súas grandes riquezas–, se recoñeza a diversidade de España para seguir avanzando en común. Por iso é necesaria a diversidade da oferta deportiva, que garanta as particularidades culturais e deportivas, e evite os “modelos de oferta deportiva” que fan homoxéneas as culturas diversas.
- Que se incida na diversidade dos xogos-deportes populares, a necesidade de recuperalos e conservalos.
- Que tamén se teñan en conta as diferenzas e particularidades entre a España urbana e a España baleirada co fin de favorecer o acceso igualitario á práctica deportiva.
- Que as administracións responsables do deporte actúen de modo coordinado cun liderado efectivo, honesto e sincero, xa que é así como se alcanzaron os maiores logros no pasado.
- Que se xeren plataformas virtuais que promovan a difusión de información en relación cos beneficios e posibilidades de práctica deportiva para a poboación. Estas deben achegar indicacións sobre exercicio, posibles riscos dunha mala praxe e recomendacións básicas. Cuestións que serían de especial relevancia en tempos de confinamento como os vividos.
- Que cando se chegue a acordos de cooperación público-privada, feito moi común no actual momento, se manteña o equilibrio necesario entre o ben común e o servizo público e a necesaria rendibilidade da xestión.

I. 3. Espazos de práctica

- Que o Consello Superior de Deportes, dentro dos fondos europeos, expoña a publicación ao ministerio correspondente da convocatoria de propostas de investimento dos fondos dedicados a municipios e comunidades autónomas para a reconversión das instalacións deportivas e a dixitalización do deporte.
- Que se dote os centros educativos de instalacións axeitadas para a práctica de actividades físico-deportivas e a educación física escolar promovendo a diversificación de actividades e a perspectiva de xénero.
- Que se desenvolvan campañas de promoción da actividade física no medio natural establecendo sinerxías entre os diferentes axentes (educativos, deportivos, sociais...)
- Que se garanta a seguridade das instalacións deportivas co fin de evitar para sempre máis accidentes catastróficos que se poderían evitar de tala tido en conta.
- Que se deseñen contornas que promovan o desenvolvemento de sociedades activas: paseos, parques saudables, carreiros...
- Que se cren espazos urbanos de práctica deportiva con perspectiva de xénero e accesibles ao maior número de poboación posible, sendo espazos multifuncionais canto a actividades e idade da poboación.
- Que se lles dea valor aos eventos deportivos, e ao deporte en xeral, como elementos transformadores de espazos e realidades urbanas.
- Que se xeren propostas que permitan o desenvolvemento de espazos deportivos na natureza desde un punto de vista sostible.

II. As persoas e as súas prácticas

Desde 1975 a práctica deportiva da poboación española incrementouse progresivamente ao longo destas décadas ata alcanzar un 54,8 % de persoas que en 2020 practicaban ao menos unha vez á semana. A súa democratización permitiu que moitas persoas que anteriormente non tiñan acceso á actividade física e deportiva, hoxe en día poidan desfrutala. Con todo, constatáronse carencias que cómpre afrontar e refírense ás cuestións seguintes:

II. 1. En conxunto, é preciso

- Que se melloren as condicións para que toda a poboación poida acceder ao deporte en igualdade de condicións creándose as medidas necesarias

para conciliar as obrigas familiares e profesionais coa práctica deportiva.

- Que o deporte sexa unha ferramenta para traballar en prol da saúde mental da poboación. Neste sentido, faise necesario cambiar a mentalidade dos e das profesionais do deporte e a actividade física: situar a cultura de competición nun segundo plano para promover máis accións de cooperación que favorezan o benestar, a autoestima e a educación emocional.
- Que en pleno século XXI, e máis despois da pandemia, se traballe para desenvolver unha práctica deportiva con conciencia, cara á contorna e cara á persoa. As actividades na natureza poden axudar a este traballo introspectivo.

II. 2. O vello reto da perspectiva de xénero no deporte.

A este respecto, o proxecto Diálogos constata que se manteñen as diferenzas de xénero nos hábitos deportivos da poboación, e situacións de desigualdade e discriminación, de forma que cómpre:

- Seguir facendo fronte a estereotipos e prexuizos, para o cal é importante que haxa mulleres referentes no deporte e a actividade física en todos os seus ámbitos (deportistas, xestoras, directivas, adestradoras, fisioterapeutas e readaptadoras, psicólogas, xornalistas etc.).
- Impulsar a presenza de mulleres nas distintas profesións do deporte: teñen a preparación, pero non o lugar de traballo, de modo que son necesarias medidas de acción positiva para “deconstruír” unha cultura organizativa e profesional tradicionalmente masculina e masculinizada.
- Revisar os plans de estudo das facultades de CAFeD desde a perspectiva de xénero e promover unha cultura deportiva en que alumnos e alumnas se formen en igualdade efectiva.
- Recuperar a memoria oral das mulleres no franquismo e darlles visibilidade para recoñecer o seu papel e achega na evolución do sistema deportivo español, tanto no deporte de elite como no deporte e a actividade física da poboación en xeral.
- Procurar novas estratexias/metodoloxías para levar á práctica a perspectiva de xénero desde as políticas públicas, a xestión deportiva, a educación física etc. tal e como establece a lexislación actual. É preciso

esixir o compromiso transformador ás persoas vinculadas a cada un dos ámbitos.

- Avanzar cara á igualdade de xénero a nivel cualitativo, xa que non se trata só de avanzar en termos cuantitativos (que, sen dúbida, hai que seguir impulsando), senón tamén nas formas de facer das organizacións e do sistema deportivo tradicional para romper a cultura hexemónica androcéntrica.
- Atender as mulleres considerando toda a diversidade existente dentro do grupo, tomando unha perspectiva interseccional.

II. 3. [A inclusión do colectivo LGTBIQ+](#).

En pleno século XXI, o deporte ten como gran reto favorecer e romper o tabú existente sobre a cuestión da orientación sexual e a identidade de xénero nas organizacións deportivas e entre as persoas que practican deporte. Neste sentido:

- O estudo do colectivo LGTBI no deporte debe recoller a *heteroxeneidade do grupo*, xa que hai grandes diferenzas no seo deste.
- As persoas do colectivo LGTBIQ+ teñen máis probabilidades de sufrir doenzas mentais e é frecuente detectar unha falta de apoio por parte dos e das profesionais da contorna (equipos técnicos e profesorado). Por iso, hai que *educar a contorna e crear espazos seguros*.
- As mulleres do colectivo sofren unha *dupla discriminación* (xénero e orientación sexual). As entidades deben desenvolver mecanismos de apoio para todas as mulleres, impulsar unha cultura da organización baseada nos valores de equidade, diversidade e inclusión, así como implementar programas de formación. Os homes do colectivo son invisibles e non é fácil atopar casos que manifesten a súa homosexualidade publicamente: o modelo de masculinidade hexemónica imperante no sistema deportivo tradicional dificulta e mesmo impide a expresión doutras formas de masculinidade. Precísanse actuacións para resolver esta situación e crear contornas máis inclusivas.

II. 4. [Violencia sexual](#)

Outra das cuestións que irrompe con forza no sistema deportivo é a necesidade e importancia de abordar, de forma clara e contundente, a violencia sexual no deporte. É necesario deixar de mirar cara a outro lado ou silenciar esta cuestión e para iso:

- Hai que seguir na liña do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que foi un gran logro.
- Fai falta promover a investigación en España para recoller datos. Non sabemos cal é o alcance real das violencias sexuais en España.
- Cómpre dotar a todas as organizacións de ferramentas para combater a violencia sexual no deporte establecendo medidas sociais (formación, redes de apoio...) e xurídicas (asesoramento legal, protocolos...) aplicadas ao contexto deportivo. A formación respecto diso debe ser unha obriga para profesionais do deporte.
- Respecto da Lei orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, hai que crear os mecanismos para que as entidades deportivas dispoñan de políticas de protección sistemáticas e facilitar a súa posta en marcha.

II. 5. Colectivos específicos

O proxecto tamén salienta a importancia de traballar para a inclusión das persoas de colectivos específicos: persoas con diferentes capacidades, en risco de exclusión ou marxinalizadas, en centros penais, refuxiadas, menores sen acompañamento etc. Por iso hai que:

- Establecer programas específicos de apoio para os grupos máis afectados pola pandemia da covid-19.
- Recoñecer o papel exercido polos e polas profesionais da actividade física e o deporte que, ademais da vontade, teñen as competencias para traballar con estes colectivos.
- Realizar investigacións para a mellora da situación de persoas con diversidade funcional e discapacidade intelectual, xa que é un ámbito no que aínda queda moito por avanzar.
- Promover máis propostas físico-deportivas para colectivos en risco de exclusión, persoas refuxiadas etc., dado que son un importante recurso para favorecer a integración, o benestar, a autoestima e a saúde mental.
- Impulsar a práctica de actividade física e deporte nos centros penais, xa que pode ser unha importante ferramenta para os procesos de reinserción e para a saúde nun sentido integral (física, social e mental).

- Axustar a oferta dirixida a mulleres nos centros penais aos seus intereses e necesidades, do mesmo xeito que se teñen en conta os intereses dos homes.
- Ter en conta nas accións emprendidas a burocracia penal que frea moitas das actuacións que se tentan levar a cabo. Cabe destacar tamén que a burocracia penal dificulta a investigación.

II. 6. Deporte de alto rendemento

Finalmente, destácase a importancia de atender as particularidades das persoas que se dedican ao deporte de alto rendemento, olímpico, paralímpico, mundiais...

Sendo así:

- Impleméntense recursos para favorecer a carreira dual dos e das deportistas e incentívese a participación de todos os axentes implicados.
- Favorézase a súa inserción laboral.
- Tómanse medidas para velar pola súa saúde mental. Hai que axudar a xestionar as vitorias e asumir os fracasos E conseguir que os ataques nas redes sociais non lles impacten negativamente.
- Vélese pola súa saúde física integral e póñanse medidas para evitar trastornos de comportamento alimentario, frecuentes en certos deportes.
- Fórmense adestradores e adestradoras, dirixentes e prensa deportiva desde valores éticos e de saúde, o cal sería un paso importante en se asegurar de que o deporte realmente axuda á saúde mental e física.
- Profesionalícese o deporte feminino en igualdade de condicións do masculino, o que significa aumentar os investimentos nel e crear as estruturas adecuadas.
- Impúlsese a práctica deportiva mixta nas etapas de formación e o desenvolvemento de modalidades deportivas mixtas en que se promova a participación feminina e masculina, rompendo as etiquetas de deportes masculinos ou femininos.
- Abórdese a cuestión da maternidade para as deportistas, así como a corresponsabilidade e a conciliación familia-deporte entre os/as profesionais do deporte e a actividade física.
- Os medios de comunicación sigan incrementando a presenza do deporte feminino xa que desde que se comezou a facer as audiencias tamén se incrementan.

III. Formación, investigación e mercado de traballo

III. 1. Formación

A formación no ámbito do deporte especializouse e diversificouse ao longo das últimas décadas para poder atender as diferentes manifestacións das prácticas deportivas. Ten presenza na educación regulada, tanto na escola, a través da materia de Educación Física, como no ensino superior a través da formación de mestres de educación infantil, primaria e secundaria (cos seus correspondentes graos e másteres de Formación de Profesorado), o grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (CAFeD), as titulacións de formación profesional, as ensinanzas deportivas de réxime especial e as titulacións federativas. Tamén está presente noutro tipo de ensinanzas non reguladas. Todas as titulacións implicadas na formación de profesionais do deporte e a educación física deben adaptar o seu currículo ás necesidades emerxentes do contexto social. Para iso recoméndase:

- A incorporación nos programas das diferentes titulacións de contidos referidos á educación emocional, a prevención do acoso (*bullying*) e das violencias sexuais, así como a perspectiva de xénero, tanto transversalmente como coa incorporación de materias específicas.
- A implementación dun plan estratéxico para incrementar a presenza das mulleres nas titulacións de grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Este plan debería recoller a redución da representación androcéntrica da titulación e a masculinidade hexemónica, así como o deseño de estratexias interdisciplinares con perspectiva do xénero.
- A adaptación dos plans curriculares a cuestións emerxentes do contexto social: sustentabilidade, tecnoloxización, diversificación de xéneros, diversificación étnico-cultural e recoñecemento da identidade plurinacional.
- O incremento da formación respecto á xestión da saúde mental: a ansiedade nos/as deportistas, a percepción negativa do esquema corporal ou as alteracións das condutas alimentarias.
- A intensificación da dotación para a innovación educativa no contexto da formación do profesorado e profesionais do deporte, co desenvolvemento de métodos activos que fomenten as pedagogías críticas.
- O apoio ás iniciativas didácticas que contribúan aos obxectivos de desenvolvemento sostible desde o ámbito do deporte e a educación física.

- A formación das e dos futuros profesionais en actividades no medio natural con métodos activos e máxima experiencia no medio natural.
- A potenciación da comunicación á sociedade, especialmente ás familias, das diferentes iniciativas que se desenvolven na materia de Educación Física coa finalidade de mellorar o seu recoñecemento social.
- O incremento das iniciativas didácticas que aborden multidisciplinarmente a cultura corporal e as prácticas corporais.
- A prioridade das aprendizaxes transferibles ao longo da vida e á vida cotiá, que contribúen á transformación social mediante a adquisición de hábitos de exercicio, xogos, control postural, relaxación e autoconecemento.

III. 2. Investigación

A consolidación dunha área específica de investigación vinculada ao fenómeno do deporte, as prácticas deportivas e o exercicio físico foi o resultado dunha actividade científica crecente por parte da comunidade académica e investigadora vinculada ás CAFeD. Nestas últimas décadas a produción científica medrou exponencialmente, tanto en cantidade como en calidade. Un avance que require de apoio financeiro e loxístico para poder seguir o seu camiño cara á excelencia que beneficia incuestionablemente ao benestar social. Con esta finalidade recoméndase:

- A incorporación entre os obxectivos dos programas científicos nacionais das investigacións en CAFeD, para que se considere como unha área prioritaria nos plans nacionais de I+D+I.
- A implicación dos equipos directivos das universidades no recoñecemento das CAFeD.
- Continuidade nas convocatorias de axudas á investigación, de modo que os grupos poidan ter estabilidade para levar adiante os seus proxectos.
- O recoñecemento da investigación social como unha área prioritaria que require, do mesmo xeito que as ciencias experimentais, de recursos económicos.
- O desenvolvemento de accións concretas que se articulen nos seguintes eixos: 1) transversalidade, 2) traballo en equipo e 3) visibilidade do campo científico do deporte e a EF.
- A consideración e a consulta ás asociacións científicas das ciencias do deporte para as convocatorias de axudas e plans de desenvolvemento da investigación.

- O apoio ás investigacións sobre as especificidades do binomio actividade física-deportiva e mulleres, e o impulso da investigación con perspectiva de xénero.
- O apoio á investigación para contribuír aos obxectivos de desenvolvemento sostible desde o ámbito do deporte e a educación física.
- Que o Goberno acometa un segundo plan de extensión da educación física, dado que o primeiro, a pesar de ser un paso adiante, non cubriu as necesidades existentes e continúan a darse situacións de precariedade.
- O incremento da investigación a respecto do colectivo LGTBI+.
- O compromiso do CSD coa continuidade na realización da enquisa de hábitos deportivos da poboación española, mantendo o ciclo temporal e os mesmos criterios na realización dos cuestionarios para poder facer análise de tendencias.
- Que o CSD cre os mecanismos para seguir realizando o Censo Nacional de Instalacións Deportivas, o último dos cales se levou a cabo en 2005.

III. 3. Mercado de traballo

O incremento da práctica deportiva en España veu acompañado dun aumento das ocupacións profesionais vinculadas a ela, o que leva parello unha maior complexidade do mercado de traballo que require urxentemente unha regulación profesional que salvagarde os intereses das persoas, tanto receptoras dos servizos como profesionais.

Por iso é urxente:

- Alertar sobre a precariedade laboral das persoas que traballan no mercado de traballo do deporte e aplicar as solucións que a eviten.
- A renovación das prazas de persoal técnico responsable da xestión deportiva e, se se chega á cooperación público-privada, a preservación de postos de traballo dignos.
- A implementación dun plan estratéxico para reducir a masculinización do campo profesional do deporte, factor que está a provocar a reprodución do modelo masculino hexemónico e barreiras para as mulleres.
- A incorporación da perspectiva de xénero nos programas das diferentes titulacións implicadas na formación do profesorado de Educación Física e do persoal técnico-deportivo, tanto transversalmente como coa incorporación de materias específicas, a prevención das violencias sexuais, a educación emocional e o *bullying*.

- A regulación profesional do deporte, co necesario entendemento entre a organización colexial e a Conferencia de Decanos de CCAFeD, para que se realice unha defensa conxunta dunha lei estatal de regulación por niveis de cualificación que conduza a un título de profesión regulada mediante unha orde ministerial
- O respecto institucional ás decisións adoptadas democraticamente no seo da organización colexial.
- A estimulación da formación na ética e a educación profesional dentro dos plans de estudos das diferentes titulacións que dan acceso ao mercado laboral do deporte para garantir o xogo limpo, a igualdade de oportunidades e o ben común.

IV O deporte na sociedade

O deporte está intimamente relacionado con outros sistemas sociais e inflúense mutuamente. Por iso tamén é necesario analízalo desde esta perspectiva. No proxecto analizouse desde a perspectiva económica, a da tecnoloxía, a da transformación dos grandes eventos e a das identidades nacionais. Todo isto no marco dunha pandemia que afectou e vainos a seguir afectando de formas quizais aínda descoñecidas:

Por iso, proponse que:

IV. 1. No ámbito económico

Constatouse a importancia cada vez meirande do impacto económico do deporte, aínda que se descoñece o seu alcance e fainos falta dar un paso máis. Existen estudos parciais, estatísticas cada vez máis significativas, coñecemos o “gran grosso”, pero fáltanos a precisión, o detalle, o “gran fino” do que significa o deporte na economía, na riqueza e no emprego. Polo que se fai preciso a creación, coa contabilidade e estatística nacional, dunha conta satélite do sector deportivo, que permita desagregar o gasto real nel.

IV. 2. No ámbito da tecnoloxía

Hai que facer que esta se incorpore ao debate do deporte na sociedade. A tecnoloxía xa está presente no deporte, dentro do terreo de xogo –é indispensable hoxe en día en todas as prácticas deportivas– e fóra del, ao afectar as organizacións, medios de comunicación (tradicional e novos), seareiros, xestores e xestoras etc.

Por todo iso debemos de:

- Aprender a coñecer os efectos dunha *realidade híbrida*. O deporte espectáculo xa forma parte da industria do entretemento e incorpórase ao entretemento dixital competindo coas grandes plataformas dixitais.
- Tomar conciencia do *big data* e da súa influencia nas decisións das persoas.
- Aprender o modo en como a tecnoloxía pode axudar a mellorar a práctica deportiva, na xestión das instalacións, ás persoas educadoras deportivas, aos medios de comunicación para que ofrezan unha información máis atractiva e veraz.

IV. 3. No ámbito das identidades nacionais

Hai que considerar que o deporte sempre estivo unido a estas e que as necesitou para o seu desenvolvemento. Os medios de comunicación utilizaron a confrontación entre colectivos nalgunhas ocasións. Propomos que no canto de crear tensións e enfrontamentos se acepten as diversas identidades –tamén as identidades múltiples– entendidas como fonte de riqueza e se lles ofrezan vías de expresión no ámbito deportivo organizado de forma positiva, evitando as manifestacións de odio e violencia.

IV. 4. O uso do tempo libre e de lecer e a pandemia

Finalmente, na sociedade postindustrial en que vivimos, onde o lecer creativo cada vez xogará un papel máis importante, debemos aprender e formarnos tamén para o uso do tempo libre e de lecer –non só deberemos formarnos para o traballo–. Pola súa banda, a pandemia afectou ao deporte e seguira facendo. A covid-19 é aínda un “buraco negro” do que sabemos algunhas cousas, pero faltan moitas por coñecer. En teoría, o deporte vai saír reforzado da pandemia a medio prazo: máis xente vai facer deporte; a xente que xa o fai, vai practicar máis... pero quizais non todos da mesma forma, non todas as persoas do mesmo xeito. Haberá que estar alerta para se adaptar ás novas circunstancias.

A fragilidade do ser humano que a pandemia fixo aflorar probablemente vaia durar máis tempo que esta.

Para alcanzar as metas expostas é imprescindible o diálogo, a escoita e a procura de compromisos entre os moi diversos axentes sociais e institucionais existentes para atopar camiños que nos permitan seguir avanzando e poñer o deporte e a actividade física como obxectivos prioritarios para mellorar.

Barcelona, 23 de outubro de 2021.

O texto desta declaración parte dun borrador inicial preparado por María José Mosquera (Universidade da Coruña) e Núria Puig (INEF de Catalunya), en calidade de coordinadoras.

Fernando Paris (Federación de Asociaciones de Gestión del Deporte de España; FAGDE), Ana Rey (Universidade de Vigo) e Susanna Soler (INEF de Catalunya) presentárona na sesión de clausura do Congreso e sistematizaron as partes que presentaron.

O equipo de relatoría –composto por Duna Bosch, Estela Farias, Cati Lecumberri, Anna Rovira, Jordi Seguí, Júlia Serrano, Judit Solanas e Carles Ventura– ocupouse de recoller as achegas realizadas en cada unha das sesións do congreso.

Tradución: Servizo de Normalización Lingüística Universidade da Coruña

Para máis información dirixirse a: giseafe@gencat.cat

Para citar este texto:

Puig, Núria; Mosquera, María José (Coord.) Paris, Fernando; Rey, Ana; y Soler, Susanna (2022). Diálogos sobre el deporte 1975-2020. Declaración final. XVI Congreso Internacional de la AEISAD (Asociación Española de Investigación Social aplicada al Deporte). *Revista Española de Educación Física y Deportes*, Número 435, año LXXI, 4º trimestre, 2021, (N.º 33 Esp. VI Época) pp.48-71